

Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da orde definitiva para a tramitación referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, os custos que se requiran para o cumprimento das sentenzas xudiciais na materia, así como o establecido nos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do sercotr eléctrico (10/PNC-003112, doc. núm. 38811)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. A establecer co Goberno de España unha negociación para evitar que as persoas consumidoras galegas de enerxía eléctrica teñan que asumir as consecuencias económicas das sentenzas sobre os suplementos territoriais para o exercicio de 2013.
2. A demandar ao Goberno de España que realice as actuacións necesarias para proceder ás modificacións lexislativas na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico* e nas Ordes *IET/221/2013, do 14 de febreiro* e *IET/1491/2013, do 1 de agosto*, aprobadas polo anterior Goberno de España respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, co obxectivo de que aqueles impostos de carácter medioambiental establecidos pola Administración autonómica teñan que ser asumidos polas compañías titulares das instalacións ou actividades afectadas, todas elas con elevados beneficios empresariais, e non sexan aboados ou repercutidos ás persoas consumidoras.”

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40676
Data envío: 21/11/2018 16:23:49.681

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/11/2018 16:17:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2018 16:17:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **39010 (10/PNC-003126)**, sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características, que figura na orde do día da Comisión 6ª que se vai celebrar o vindeiro 22 de novembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a contemplar as especificidades da rota a cabalo, con preferencia á Vía da Prata, e actualizar neste sentido as medidas contempladas no vixente Plan Director a comezar por:

- a) impulsar adaptación ás características da peregrinaxe a cabalo nos equipamentos novos e nos preexistentes que sexan reformados.
- b) contemplar medidas complementarias para outro tipo de animais.
- c) elaborar e difundir unha guía de boas prácticas enfocada a ter instrucións para o bo tratamento dos animais para que os albergues non adaptados, de toda a rede, poidan tomar medidas para favorecer o seu uso por este tipo de peregrinaxe.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40671
Data envío: 21/11/2018 13:53:38.156

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 13:52:33

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 13:52:36

Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características (doc. núm. 39010).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír pola seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar da contía orzamentaria necesaria para a mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo a través da construción, polo menos, dun albergue adaptado a estas características en cada unha das etapas, durante o ano 2019.

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2018 17:05:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2018 17:05:58

Á MESA DA COMISIÓN 6.^a

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte EMENDA á Proposición non de lei, doc. núm. 39010, do Grupo do Parlamentario Popular, sobre a continuación polo Goberno galego co afondamento na mellora e especialización da Vía da Prata como ruta preferente para os peregrinos a cabalo, a través do impulso, polo menos, dun albergue adaptado a esas características; incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 22 de novembro de 2018 (10/PNC-003126)

Emenda de Adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva:

2.- Elaborar un mapeo dos Camiños de puntos nos que se poidan gardar os cabalos durante as noites cuns criterios fixados de calidade que garantan o axeitado benestar animal.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 21/11/2018 17:31:53

Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 17:32:04

Á MESA DA COMISIÓN 6ª

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 39124, do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electrointensiva e a regulación do sector eléctrico, incluída na orde do día da Comisión 6ª do 22 de novembro de 2018.(10/PNC-003138)

Emenda de Adición

Débense engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes puntos:

7.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electrointensivas na liña das autorizadas pola UE. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e ao mantemento do emprego.

8.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a que para os anos sucesivos e de maneira estable a longo prazo se estableza un mecanismo de interrumpibilidade verdadeiramente axeitado ás necesidades técnicas do sistema



eléctrico, sobre todo nun escenario futuro de moita maior presenza de fontes renovables.

Os mecanismos mencionados e as súas poxas diferenciaranse en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción.

9.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, instar ao Goberno do Estado a utilizar o artigo 128.2 para asumir a xestión da compañía a través da SEPI en tanto non se consiga unha alternativa industrial con garantías suficientes de futuro a longo prazo da actividade industrial e o mantemento do emprego.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 21/11/2018 13:19:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:23
Nº Rexistro: 40666
Data envío: 21/11/2018 13:23:39.827



Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 13:19:38

Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de peche da factoría de Alcoa na Coruña, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Transición Ecolóxica respecto da industria electrointensiva e a regulación do sector eléctrico (10/PNC-003138, doc. núm. 39124)

Emenda de modificación

Débase substituír o punto 5 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“5.- Instar ao Ministerio de Transición Enerxética e Cambio Climático a desenvolver un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluídos os ámbitos fiscais, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estabilizado de enerxía a un prezo razoable, xusto e estable; tanto para as persoas consumidoras, como para as instalacións industriais; sempre nun modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.”

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/11/2018 16:18:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40677
Data envío: 21/11/2018 16:24:16.038

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2018 16:18:18



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40672
Data envío: 21/11/2018 13:53:45.915

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **39528 (10/PNC-003174)**, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene, que figura na orde do día da Comisión 6ª que se vai celebrar o vindeiro 22 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“Así mesmo, ínstase a Xunta a:

a) comprometerse coa diversificación industrial na comarca de Ferrol, desenvolvendo un maior esforzo na recuperación do mercado naval civil, a comezar por impulsar a integración e aproveitamento dos estaleiros da ría como un todo, nun complexo integral.

b) dar cumprimento inmediato ao punto 1 do artigo 4º da Lei do sector naval de Galiza, que establece que “a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia que, pola súa natureza, non poidan ser obxecto de traspaso” para poñer fin á falta de información, coordinación e impulso ao naval galego.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2018 13:53
Nº Rexistro: 40672
Data envío: 21/11/2018 13:53:45.915

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.”

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2018 13:48:54

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2018 13:49:04

Á MESA DA COMISIÓN 6.^a

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión, doc. núm. 39528, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene, incluída na orde do día da Comisión 6.^a do 22 de novembro de 2018. (10/PNC-003174)

Emenda de Adición

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un segundo punto:

“2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exixir ao Ministerio de Industria e á dirección da SEPI a súa inclusión no Consello de Administración de Navantia.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 21/11/2018 14:15:31

Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 14:15:44

Á Mesa da Comisión 6ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da empresa pública Navantia para manter a carga de traballo en obra civil do estaleiro de Fene (39528).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto: “... e buques militares.”

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2018 17:10:33

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/11/2018 17:10:48